

11º INFORME
2021

O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA

SEGUIMIENTO DO INDICADOR DE RISCO DE
POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL (AROPE) EN GALICIA

2008-2020



Contido

Introdución	3
Risco de Pobreza e/ou Exclusión social (AROPE)	5
Risco de pobreza e exclusión (AROPE) por CCAA	6
Compoñentes da taxa AROPE.....	7
Risco de pobreza	7
Pobreza severa.....	8
Fraxilidade das persoas maiores de 65 anos	9
Baixa intensidade de emprego no fogar (BITH).....	10
Privación ou carencia material severa e acceso á vivenda	11
O reparto da renda entre a poboación	15
Renda media por unidade de consumo.....	15
Resume	17

INTRODUCCIÓN

Este informe executivo forma parte do XI Informe “*El Estado de la Pobreza en España 2021*”¹ que ven de presentar a Rede Europea de Loita contra la Pobreza e a Exclusión Social do Estado Español (EAPN-España), da que EAPN Galicia - Rede Europea Contra a Pobreza forma parte.

En base á información oficial da Enquisa de Condicións de Vida 2020² do Instituto Nacional de Estatística (INE) ou do Ministerio de Empleo y Seguridad Social, pretende ofrecer unha avaliación do grado de cumprimento do obxectivo social especificado na Estratexia Europa 2020

Por primeira vez analízase neste informe o **cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** asumidos no 2015 tanto a nivel estatal como polas diversas comunidades autónomas, en especial o primeiro (ODS 1): “*Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións con arranxo ás definicións nacionais*”³

Dos grandes parámetros estatísticos sobre pobreza, privación, desemprego e desigualdade, unha parte dos mesmos corresponde ó **indicador de risco de pobreza e/ou exclusión social da Unión Europea (AROE)**. Este indicador resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos:

1. **Risco de Pobreza.** Ter uns ingresos inferiores ao chamado limiar da pobreza (60 % da mediana da renda nacional equivalente en unidades de consumo)⁴. En 2020 supuxo ingresar menos de 9.626€ ao ano (802€ ao mes) nun fogar dunha persoa, ou menos de 20.215€ ao ano (1.685€ ao mes) nun fogar con dous adultos e dous menores.
2. **Baixa Intensidade laboral no fogar (BITH).** A intensidade laboral mide a relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar. O indicador comprende ás persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior a 0,2.
3. **Privación ou carencia material severa (PMS).** Vivir nun fogar no que os seus membros non poden permitirse polo menos catro de nove conceptos ou ítems de consumo básico definidos a nivel europeo.
 - Tivo atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas, comunidade...) nos últimos 12 meses.
 - Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
 - Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
 - Non pode permitirse unha comida de carne, pito ou peixe polo menos cada dous días (ou o seu equivalente vexetariano).
 - Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (ata 650€).
 - Non pode permitirse dispor de teléfono.
 - Non pode permitirse dispor dun televisor en cor.

¹ <https://www.eapn.es/estadodepobreza/>

² https://www.ine.es/prensa/ecv_2020.pdf


³ <http://eapn-galicia.com/reducir-a-pobreza-de-galicia-a-metade-no-2030/>

⁴ En todo o informe utilízase o limiar estatal de pobreza e non tanto os limiares de cada unha das CCAA. Aínda que o uso de limiares rexionais é imprescindible para realizar políticas e accións autonómicas contra a pobreza ao ter en conta os ingresos da poboación máis próxima, unha análise detallada da pobreza en España obriga a considerar que deberíamos estar ante un Estado cunha lexislación común, que negocia e asume responsabilidades de xeito solidario ante instancias supranacionais e para o que -se supón- a cohesión interterritorial como un dos seus valores.

- Non pode permitirse dispor dunha lavadora.
- Non pode permitirse dispor dun automóbil.

O efecto da pandemia nos datos da ECV-2020 é soamente parcial, dado que os datos económicos reflicten unha situación previa. É necesario ter isto en conta á hora de interpretar os indicadores. Non ocorre así **cos resultados referidos ao apartado de Privación ou Carencia Material Severa que si foron obtidos no último trimestre do 2020.**

RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL (AROE)



O 25,7% da poboación galega estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social no ano 2020, o que supón un incremento de 1,4 puntos porcentuais con respecto ao ano anterior. En termos absolutos, 694.367 galegos e galegas estaban nesta situación, 38.389 persoas máis que no ano anterior.

Os indicadores mantéñense en valores moi próximos aos nacionais medios e a situación de Galicia segue a ser relativamente boa en comparación co conxunto do estado, pero **débase salientar con preocupación o empeoramento de valores como a taxa AROPE** (con valores superiores aos de comezo da crise do 2008) **ou a de pobreza ou mesmo o da privación material severa**, co segundo peor rexistro, preto do máximo medido no 2014.

Ata o ano 2017, con pequenos altibaixos, Galicia mantivo unha evolución moi semellante á do conxunto do territorio nacional, pero con taxas inferiores que a mantiveron a medio camiño entre a media nacional e o grupo de rexións con mellores condicións de vida. A partir de devandito ano, a maioría dos indicadores principais experimentaron unha deterioración progresiva que, con todo, non foi suficiente para elevar as súas taxas por encima da media nacional, excepto no risco de pobreza.

Con respecto a 2015, que é o ano designado para a avaliación da Axenda 2030 e ODS, non hai ningunha variación e ambos anos comparten o valor máis elevado de toda a serie histórica (25,7%).

A vista do empeoramento dos datos e en especial os referidos ao acceso á vivenda digna, axeitada e accesible, **semella moi difícil imposible poder cumprir no 2030 o Obxectivo de Desenvolvemente Sostible (ODS)1** de redución á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza.


Galicia: Población AROPE por sexo

Galicia	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020
POB. TOTAL	2.754.768	2.734.656	2.720.102	2.710.129	2.703.149	2.700.441	2.702.592
Hombres	1.328.706	1.322.014	1.314.634	1.309.447	1.305.378	1.303.453	1.304.147
Mujeres	1.426.062	1.412.641	1.405.467	1.400.681	1.397.772	1.396.988	1.398.445
% AROPE	25,1%	25,7%	25,4%	22,6%	23,0%	24,3%	25,7%
% Hombres	23,7%	25,3%	25,0%	20,7%	22,1%	24,5%	25,3%
% Mujeres	26,3%	26,0%	25,7%	24,4%	23,9%	24,1%	26,2%
TOTAL POB. AROPE	691.447	702.807	690.906	612.489	622.618	655.316	695.890
Hombres en AROPE	314.959	334.705	328.516	270.485	287.941	318.755	329.515
Mujeres en AROPE	375.301	367.680	361.255	341.964	334.694	336.556	366.386

As diferenzas por sexo son inferiores a un punto porcentual. Neste sentido o incremento do AROPE foi maior entre as mulleres (2,1 puntos máis) pasando do 24,1% ao 26,2%, mentres que na dos homes incrementouse en menos de un punto porcentual pasando do 24,5% ao 25,3%.

Estes datos inciden na tradicional situación estrutural de **feminización da pobreza**. Trala **excepción do 2019, de novo, a taxa nas mulleres volta a elevarse sobre a dos homes**.

RISCO DE POBREZA E EXCLUSIÓN (AROE) POR CCAA




Galicia mantense nunha posición media sobre o conxunto de rexións, levemente inferior á media nacional. Sen embargo, en comparación co ano pasado, no 2020 Galicia volve a presentar unha taxa AROPE lixeiramente superior á que presentaba ao comezo da crise

Para o ano 2020, as comunidades autónomas de Navarra, País Vasco e Aragón rexistran taxas AROPE notablemente baixas, entre 12 e 14 puntos porcentuais por baixo da media do territorio nacional. Polo lado superior aparecen Extremadura, Canarias e Andalucía, que rexistran cifras entre 9 e 12 puntos por riba da media.

COMPONENTES DA TAXA AROPE

RISCO DE POBREZA



No 2020, do mesmo xeito que o sucedido co AROPE, **a taxa de pobreza de Galicia incrementouse algo máis de dous puntos porcentuais e alcanza ao 22,1% da súa poboación**. No seu conxunto, Galicia ten 597.000 persoas pobres en 2020, 56.000 máis que no ano anterior.

Este aumento supón o máximo dende o 2008 e que por primeira vez dende 2009 sexa superior á media nacional. A pesar diso, Galicia sitúase nunha posición intermedia con respecto ao resto de rexións, aínda, levemente por encima da media do estado.


En relación co ano 2015, a taxa de pobreza incrementouse en 2,7 puntos, o que supón a incorporación de 66.000 novas persoas a esta situación.

En canto á diferenza segundo sexo, e como se dicía anteriormente, **confírmase que a feminización da pobreza segue a ser unha realidade**. A taxa feminina incrementouse en 2,3 puntos porcentuais ata o 22,3 %. A masculina aumentou en 1,8 puntos e sitúase no 21,8 %. En termos absolutos, hai 312.331 mulleres en risco de pobreza e 284.939 homes.

Galicia: Población en POBREZA por sexo

Galicia	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020
POB. TOTAL	2.754.768	2.734.656	2.720.102	2.710.129	2.703.149	2.700.441	2.702.592
Hombres	1.328.706	1.322.014	1.314.634	1.309.447	1.305.378	1.303.453	1.304.147
Mujeres	1.426.062	1.412.641	1.405.467	1.400.681	1.397.772	1.396.988	1.398.445
% POBREZA	20,9%	19,4%	19,0%	18,7%	18,8%	20,0%	22,1%
% Hombres	19,5%	19,2%	19,1%	16,9%	18,8%	20,0%	21,8%
% Mujeres	22,1%	19,6%	18,9%	20,5%	18,9%	20,0%	22,3%
TOTAL POB. POBRE	575.747	530.523	516.819	506.794	509.106	540.729	597.264
Hombres en POBREZA	259.266	254.427	251.242	220.664	245.398	261.231	284.939
Mujeres en POBREZA	315.856	276.850	265.824	286.685	263.709	279.498	312.331

POBREZA SEVERA




As persoas son pobres cando non poden dispoñer dos recursos materiais, culturais e sociais necesarios para satisfacer as necesidades básicas minimamente aceptables para o Estado no que viven.

A pobreza severa mide o grao máis intenso desa situación e defínese como aquelas que viven en fogares cuxos ingresos por unidade de consumo son inferiores ao 40 % da mediana de renda nacional. Esta cifra é notablemente inferior ao limiar utilizado para definir o risco de pobreza e, por tanto, o indicador agrupa a persoas que están nunha situación límite.

Neste sentido, para 2020, o limiar de renda para considerar que un fogar está en pobreza severa é de 6.417,3 € por unidade de consumo ao ano. É dicir, debe sobrevivir con menos de 535 € mensuais se vive soa, ou con menos de 1123 € mensuais para o caso dunha familia con dous adultos e dous menores.⁵

No 2020 a taxa de pobreza severa alcanzou o **9,4% da poboación galega, incrementándose 1,5 puntos**. A ausencia de variación na taxa nacional fixo que e os



datos de Galicia se fosen aproximando ano a ano ata atoparnos no 2020 soamente 1 décima por debaixo.

Galicia ten 253.000 persoas en pobreza severa, o que supón 41.000 máis ca o ano anterior, 69.000 máis que o ano 2015 e 87.000 máis que no 2008.

⁵ O limiar por persoa depende da configuración familiar

E é evidente e preocupante a deterioración da calidade de vida das persoas en peor situación motivado principalmente polas serias dificultades para o acceso á vivenda.

Unha conclusión que non so se obtén a partir do empeoramento da taxa de pobreza severa senón tamén con outros indicadores e fontes como a Privación Material Severa, ás persoas que se sitúan nos decís 1 e 2 de renda ou mesmo as de situación nas vivendas.

FRAXILIDADE DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS

No detalle da análise da pobreza, compre unha análise específica das condicións especiais da poboación maior de 65 anos. A gran maioría ten á pensión como único ingreso, por tanto, a súa situación de pobreza depende absolutamente de decisións políticas e en ningún caso do seu esforzo persoal.

Para a gran maioría deste grupo, as súas rendas están practicamente determinadas polo importe da pensión que reciben. Para 2020, o limiar sitúase en 688€ ao mes (calculado para 14 mensualidades segundo o 60 % da mediana de renda).

A táboa seguinte amosa que **404.154 persoas, unhas 71.000 máis que o ano anterior, reciben unha pensión cuxo importe é inferior ó mínimo considerado para non ser pobre.**


É dicir, máis da metade, o 52,8%, de tódalas pensións que se perciben en Galicia están por debaixo do limiar de pobreza, o que a converte **na comunidade autónoma con maior porcentaxe de pensións por debaixo do limiar de pobreza**. O 22,1% están incluso por debaixo do limiar de pobreza severa, establecido no 2020 en 458€. Se se consideran só as 185.481 pensións de viuvez (case todas de mulleres) o 67,8% atópanse por debaixo do limiar de pobreza relativa, e o 39,2% por debaixo do de pobreza severa.

Nº de pensións por Pobreza, Clase e Tramos de contía (a 31 decembro de 2020)					Limiar de pobreza (Mensual, 14 pagas)	688€
					Limiar de pobreza severa (Mensual, 14 pagas)	458 €
GALICIA	Incapacidade permanente	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiar	Todas las pensións
Hasta 150 €	428	15.887	8.064	2.097	70	26.546
De 150,01 a 458 €	4.521	59.461	64.595	13.080	1.212	142.870
De 458,01 a 500 €	5.445	8.215	4.861	642	1.466	20.628
De 500,01 a 688 €	21.811	138.297	48.205	2.676	3.121	214.110
De 688,01 a 1,000 €	19.084	97.737	37.939	4.061	449	159.270
De 1.000,01 a 2.000 €	15.521	109.841	21.664	743	323	148.092
Más de 2.000 €	2.885	51.262	153	51	13	54.364
Todos los tramos	69.695	480.700	185.481	23.350	6.654	765.880
TOTAL EN POBREZA	32.205	221.860	125.725	18.495	5.869	404.154
%	46,2%	46,2%	67,8%	79,2%	88,2%	52,8%
TOTAL EN POBREZA SEVERA	4.949	75.348	72.659	15.177	1.282	169.416
%	7,1%	15,7%	39,2%	65,0%	19,3%	22,1%

Fuente: Elaboración propia con datos del Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO NO FOGAR (BITH)

O 8,5% da poboación menor de 60 anos que reside en Galicia, é dicir, unhas 156.000 persoas, 61.000 menos que o ano anterior, **vive en fogares con baixa intensidade de emprego.** A cifra é 3,3 puntos porcentuais menor ca do 2019, o que equivale a unha redución de arredor do 28%. Deste xeito, Galicia é a terceira comunidade que máis diminuíu a súa taxa BITH por detrás de Castilla – La Mancha e Andalucía.



Por outra parte, respecto ao 2015, a taxa BITH reduciuse 5,1 puntos porcentuais, é dicir un 38,4% o que supón unhas 107.000 persoas menos que viven en fogares de baixa intensidade laboral. Sen embargo, debe terse en conta que no 2015 presentábanse valores especialmente altos; neste sentido, si a comparación se fai con datos anteriores á crise económica, é dicir, co ano 2008, aínda se mantén 9 décimas máis elevada, o que supón 5.000 persoas máis.

A taxa BITH entre as mulleres, reduciuse en 3,8 puntos, mentres que a dos homes en 2,8. Para o 2020, o dato da poboación feminina é de 7,3% e para a masculina do 9,8%. Deste xeito, estase a romper a tendencias, segundo a cal, en 9 dos 13 anos anteriores, a taxa feminina era superior á dos homes.

Esta melloría do indicador BITH na poboación feminina contrasta co seu empeoramento no resto dos indicadores, en especial no de Privación Material Severa. Compre salientar de novo que **o BITH fala de cantas persoas atoparon un emprego pero non das condicións ou calidade do mesmo.** Deste xeito, unha persoa podería estar traballando nunha xornada de 40h semanais pero cun salario que non lle permita afrontar tódolos gastos básicos de vivenda e alimentación.

Galicia: Población en BITH por sexo (0 a 59 años)							
Galicia	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020
POB. TOTAL (0 a 59)	1.991.571	1.910.984	1.890.044	1.871.101	1.854.489	1.841.557	1.831.726
Hombres	1.001.350	962.322	951.303	941.663	932.763	926.007	920.797
Mujeres	990.220	948.660	938.736	929.440	921.729	915.553	910.932
% BITH	7,6%	13,8%	13,6%	12,0%	11,1%	11,9%	8,5%
% Hombres	6,9%	14,5%	12,7%	11,8%	10,5%	12,6%	9,8%
% Mujeres	8,4%	13,1%	14,5%	12,2%	11,8%	11,1%	7,3%
T. POB. BITH (0 a 59)	151.359	263.716	257.046	224.532	206.192	218.428	156.591
Hombres en BITH	68.638	139.862	120.505	111.012	97.568	116.653	90.312
Mujeres en BITH	82.712	124.634	135.926	113.423	108.623	101.790	66.315

PRIVACIÓN OU CARENCIA MATERIAL SEVERA E ACCESO Á VIVENDA

PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA 2008 - 2020
Galicia




Fonte INE

A Privación Material Severa (PMS), é un indicador da dificultade para afrontar determinados gastos básicos que se definen a nivel europeo e supón unha vulnerabilidade moi grave para as persoas afectadas. Operativamente, refírese a imposibilidade de consumir, polo menos catro de nove ítems de consumo, que inclúen cuestións tales como a incapacidade de alimentarse axeitadamente, manter unha temperatura axeitada na vivenda, estar ao día en pagos ou afrontar gastos imprevistos.

Tras o importante incremento deste indicador o ano pasado, é preocupante que no 2020 aumente 1,6 puntos ata situarse no 5,2 % da poboación galega. 140.146 persoas, 42.000 mais que no 2019. Con todo, o indicador é aínda 1,8 puntos porcentuais inferior á media nacional e como unha posición relativamente baixa entre todas as rexións.

Debe lembrarse que a privación material severa **inclúe xa este ano o brutal efecto da pandemia provocada pola COVID-19**. Co importante aumento neste últimos anos, a Privación Material Severa volve a situarse en Galicia un punto porcentual por riba da rexistrada no 2015 e imposibilita o cumprimento dos Obxectivos da Axenda 2030 e ODS.



E imprescindible destacar o **forte crecemento da Privación Material Severa especialmente nas mulleres**. Do 3,6% ao 5,7%, mentres a dos homes pasa do 3,7% ao 4,6%.

Este empeoramento confirma o que se afirmaba no indicador de baixa intensidade de emprego: **a baixa calidade do emprego ao que puideron acceder moitas persoas, pero sobre todo as mulleres, non significou de ningún modo unha mellora** nas súas carencias materiais.

Galicia: Población en PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA por sexo

Galicia	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020
POB. TOTAL	2.754.768	2.734.656	2.720.102	2.710.129	2.703.149	2.700.441	2.702.592
Hombres	1.328.706	1.322.014	1.314.634	1.309.447	1.305.378	1.303.453	1.304.147
Mujeres	1.426.062	1.412.641	1.405.467	1.400.681	1.397.772	1.396.988	1.398.445
% PMS	3,0%	4,2%	4,1%	2,4%	1,6%	3,6%	5,2%
% Hombres	3,5%	3,6%	4,0%	2,3%	2,0%	3,7%	4,6%
% Mujeres	2,4%	4,8%	4,2%	2,4%	1,2%	3,6%	5,7%
TOTAL POB. PMS	82.643	114.856	111.524	65.043	43.497	97.573	140.146
Hombres en PMS	46.884	48.170	53.197	30.021	26.158	47.858	60.397
Mujeres en PMS	34.607	67.815	59.500	34.045	17.333	49.713	79.763


Catro conceptos empeoran, en especial aqueles que supoñen satisfacer necesidades básicas. Este significativo incremento reflicte tamén o **empeoramento preocupante dos efectos das dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, en especial para a poboación máis vulnerable**.

Galicia: ÍTEMS DE PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA

Nacional	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020
1) No puede permitirse ir de vacaciones al menos una semana al año	36,2%	41,5%	40,3%	34,3%	34,1%	33,5%	34,5%
2) No puede permitirse una comida de carne, pollo o pescado cada dos días	2,2%	2,6%	2,9%	3,7%	3,6%	3,8%	5,4%
3) No puede permitirse mantener la vivienda con una temperatura adecuada	5,9%	10,6%	10,1%	8,0%	9,1%	7,6%	10,9%
4) No tiene capacidad para afrontar gastos imprevistos	29,9%	39,8%	38,7%	36,6%	35,9%	33,9%	35,4%
5) Retrasos en pago de gastos de vivienda principal y fact. aplazadas en los ult. 12 meses	8,2%	11,7%	10,6%	9,3%	9,4%	8,3%	13,5%
6) No puede permitirse disponer de un automóvil	5,9%	5,8%	6,0%	4,7%	5,1%	4,7%	4,9%
No puede permitirse disponer de un ordenador personal	8,9%	7,1%	7,2%	5,1%	5,5%	5,6%	6,5%
Galicia	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020
1) No puede permitirse ir de vacaciones al menos una semana al año	38,4%	48,3%	46,3%	38,7%	42,6%	41,1%	37,4%
2) No puede permitirse una comida de carne, pollo o pescado cada dos días	1,1%	1,2%	1,1%	3,3%	1,3%	8,9%	14,9%
3) No puede permitirse mantener la vivienda con una temperatura adecuada	8,9%	13,7%	9,1%	6,7%	4,8%	6,0%	9,6%
4) No tiene capacidad para afrontar gastos imprevistos	24,4%	27,4%	28,9%	21,6%	20,3%	24,4%	28,1%
5) Retrasos en pago de gastos de vivienda principal y fact. aplazadas en los ult. 12 meses	3,4%	7,8%	6,4%	4,5%	3,9%	5,6%	8,5%
6) No puede permitirse disponer de un automóvil	3,9%	2,3%	2,3%	2,0%	2,9%	1,8%	1,3%
No puede permitirse disponer de un ordenador personal	8,7%	6,7%	4,8%	2,6%	2,5%	3,6%	5,0%

A situación de *emerxencia residencial* na que viven milleiros de familias galegas obsérvase no **empeoramento dos conceptos que teñen relación coa vivenda**.


A porcentaxe de persoas que manteñen retrasos no pagamento de gastos de vivenda principal incrementouse do 5,6% ata o 8,5% e o de quenes non poden manter a vivenda cunha temperatura axeitada aumentou tamén dende o 6% ata o 9,6%.




Como se indica noutros apartados deste informe, e como denuncian de xeito continuado a maioría das persoas e familias en pobreza severa, o elevado gasto en vivenda non digna nin accesible que soportan está a actuar como un *aspirador de rendas* que restrinxen os seus ingresos practicamente á metade, **obriga a priorizar sobre gastos imprevistos ou mesmo da calidade da alimentación e que impide de facto calquera esperanza de éxito nos procesos de inclusión social e loita contra a pobreza**.

Deste xeito, é comprensible que o indicador de persoas sen capacidade para afrontar gastos imprevistos pase do 24,4% ao 28,1% ou que a porcentaxe de **persoas que non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días se dispare do 8,9% ao 14,9%**.

Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado cada dous días



Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos



Nesta liña, outro aspecto a destacar, aínda que non forme parte dos indicadores de Privación Material Severa é o **aumento das persoas que non poden permitirse un ordenador que pasa do 3,6% ao 5%**. É importante sinalar este dato tendo en conta que un dos efectos do confinamento e a pandemia foi o aumento a fenda dixital.

Total Nacional	2018	2019	2020
Escasez de luz natural	5,1	5,7	10,8
Ruidos producidos por vecinos o del exterior	17	14,2	22,1
Contaminación y otros problemas ambientales	9,8	9,8	12
Delincuencia o vandalismo	11,1	11,5	14,1
Ningún problema	71,3	73,3	60,7
Galicia	2018	2019	2020
Escasez de luz natural	2,9	2,6	5,6
Ruidos producidos por vecinos o del exterior	9,9	6,5	13,9
Contaminación y otros problemas ambientales	4,6	2,1	5,6
Delincuencia o vandalismo	7,8	8,2	7
Ningún problema	78,7	83,6	73,6

vivenda digna no conxunto do estado e en menor medida en Galicia: luz natural, ruidos, contaminación, etc.


Como reforzo da evidencia do empeoramento dos aspectos relacionados coa vivenda, na ECV 2020 facilítanse datos que reflicten o **impacto das condicións de acceso a unha**

O REPARTO DA RENDA ENTRE A POBOACIÓN

RENDA MEDIA POR UNIDADE DE CONSUMO

A renda media por unidade de consumo en Galicia é de 16.757€ e de 11.469€ se se mide por persoa. Do 2014 ao 2018 mantivo un comportamento moi similar á media nacional, sen embargo, desde entón levado dous anos estancada, o que, combinado co aumento da renda media nacional, provocou unha diferenza entre ambas que xa alcanza os 1.360€.

RENDA MEDIA POR UNIDADE DE CONSUMO 2008 - 2020
Galicia



Fonte: INE

En calquera caso, con respecto ao inicio do período a renda media por unidade de consumo da rexión superou en 2.383€ as cifras nominais de 2008, cun incremento do 17%, o que supón un desempeño para todo o período algo mellor que o conxunto do territorio nacional.

A análise por deciles de renda permite comprobar de novo o empeoramento da poboación en pobreza, en especial a severa. Para a obtención dos datos por deciles, divídense en 10 tramos os ingresos de cada fogar, do que menos perciben ao que mais. As persoas en pobreza están no Decil 1 (ingresan menos de 6.600 € ao ano ou 550€ ao mes), Decil 2 (entre 6.600€ e 9.449€ ao ano) e no Decil 3 (entre 9.449€ e 11.686€ ao ano).

A poboación de Galicia con ingresos por unidade de consumo nos tramos máis baixos de renda (deciles 1 e 2, é dicir, con ingresos inferiores a 9.449€ anuais por unidade de consumo) aumentou do 19,8% ao 21,1%; o que supón un aumento importante que incorpora 33.000 novas persoas ao grupo do 20% máis pobre da poboación.

Observase que no Decil 1, que corresponde a persoas en pobreza severa, situábanse o 9,7% dos fogares no 2020, chegando case á porcentaxe de 2017. Outro dato significativo está no Decil 2, aquelas persoas preto da pobreza severa pero lonxe do limiar de pobreza relativa seguen a aumentar, pasando do 10,9% ao 11,4%.

Galicia: % Personas en decil de renta por u. c. (%) y renta máxima en cada decil

Galicia	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Decil 1	8,2%	6,2%	6,9%	10,1%	8,8%	8,9%	9,7%
Renta máxima	6.251,3	4.937,3	5.297,1	5.547,5	6.104,4	6.269,2	6.600,0
Decil 2	12,9%	9,9%	9,1%	7,6%	8,2%	10,9%	11,4%
Renta máxima	8.410,3	7.550,7	7.684,1	8.143,5	8.548,9	8.846,8	9.449,1
Decil 3	13,5%	10,9%	10,5%	7,6%	10,1%	9,8%	10,2%
Renta máxima	10.256,2	9.515,8	9.589,1	10.085,9	10.572,0	10.815,0	11.685,7
Decil 4	12,1%	11,3%	13,0%	11,1%	11,4%	10,1%	10,0%
Renta máxima	12.064,9	11.410,6	11.634,0	12.149,8	12.647,2	12.997,1	13.841,1
Decil 5	11,2%	11,3%	13,0%	10,5%	10,7%	10,7%	13,3%
Renta máxima	13.967,5	13.355,9	13.681,6	14.203,3	14.785,6	15.015,3	16.044,0
Decil 6	10,3%	12,5%	10,3%	13,7%	10,5%	9,7%	10,4%
Renta máxima	16.170,2	15.517,4	15.869,0	16.666,6	17.063,6	17.423,2	18.525,7
Decil 7	10,9%	10,8%	10,0%	12,8%	11,8%	12,3%	8,9%
Renta máxima	18.781,9	18.225,8	18.602,6	19.341,2	19.946,1	20.359,5	21.452,7
Decil 8	9,1%	11,0%	10,3%	11,1%	10,1%	10,8%	10,0%
Renta máxima	22.080,0	21.798,1	22.359,4	23.236,8	23.665,6	24.103,6	25.188,6
Decil 9	6,6%	8,6%	9,0%	7,4%	8,6%	9,1%	10,5%
Renta máxima	28.397,8	27.798,8	28.438,9	29.256,2	29.767,0	29.907,0	31.524,4
Decil 10	5,3%	7,5%	8,0%	8,0%	9,9%	7,7%	5,6%
Renta desde	28.397,9	27.798,9	28.439,0	29.256,3	29.767,1	29.907,1	31.524,5

RESUME

- **No 2020, 694.367 galegas e galegos, o 25,7% da poboación, estaba en Risco de Pobreza ou Exclusión Social (AROPE).** 1,4 puntos e 38.389 persoas mais que no ano anterior.
- Os indicadores mantense en **valores inferiores aos do conxunto do estado (26,4%)** pero preocupa o empeoramento da Taxa de Pobreza ou especialmente da Privación Material Severa.
- A vista dos datos, en especial os relacionados co acceso á vivenda digna e accesible, **semella moi difícil poder cumprir no 2030 o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible e reducir a pobreza á metade que no 2015.**
- **A feminización da pobreza aumenta trala excepción do 2019.** A taxa AROPE nas mulleres sube do 24,1 ao 26,2% no 2020, mentres que a dos homes incrementouse en menos de un punto pasando do 24,5% ao 25,3%. O empeoramento dos indicadores de pobreza e Privación Material Severa superan a mellora no indicador de Baixa Intensidade Laboral.
- **A taxa de pobreza alcanzou o 22,1% da poboación no 2020 antes da pandemia,** 2,1 puntos mais que no 2019, 597.000 persoas.
- **A pobreza severa aumenta. 253.000 persoas, o 9,4% da poboación, vive con ingresos inferiores a 535€/mes** (fogar dunha persoa). Unha porcentaxe superior ao do 2008 cando foi do 6% e a do 2019 que foi de 7,9%.
- Este empeoramento percíbese tamén na análise por deciles de renda. **A poboación con ingresos nos tramos máis baixos de renda** (deciles 1 e 2, ingresos inferiores a 9.449€/ano por unidade de consumo) **aumentou do 19,8% ao 21,1%.**
- Máis da metade, o **52,8%, de tódalas pensións que se perciben en Galicia están por debaixo do limiar de pobreza.** 404.154 persoas maiores de 65 anos.
- O indicador de **Baixa Intensidade de Emprego no Fogar melloraba notablemente no ano anterior á pandemia, baixando do 11,9% ao 8,5%,** especialmente na taxa feminina. Porén, a calidade do emprego precario non é dabondo para reducir os cifras de pobreza e privación.
- **O impacto da pandemia percíbese no aumento notable das persoas en Privación Material Severa. Do 3,6% ao 5,2% no 2020.** Especialmente na das mulleres que pasa do 3,6% ao 5,7% mentres a dos homes pasa do 3,7% ao 4,6%.
- **E evidente que o elevado gasto en vivenda non digna nin accesible está a actuar como un aspirador de rendas** que obriga a priorizar sobre gastos imprevistos ou na calidade da alimentación e que impide de facto o éxito nos procesos de inclusión social.
- A porcentaxe de persoas que manteñen **retrasos no pagamento de gastos de vivenda principal** incrementouse do 5,6% ata o 8,5% e a de quenes non poden **manter a vivenda cunha temperatura axeitada** aumentou tamén dende o 6% ata o 9,6%.
- A priorización de gastos para afrontar o encarecemento da vivenda detéctase claramente en indicadores como **non poder afrontar gastos imprevistos** (24,4% ao 28,1%) ou non poder permitirse unha **comida de carne, polo ou peixe cada dous días** (8,9% ao 14,9%)
- O **agravamento da fenda dixital durante a pandemia,** comézase a detectar tamén diante do aumento das persoas que non poden permitirse un ordenador (do 3,6% ao 5% no 2020)

Máis información en: www.pobreza.gal
www.eapn.es/estadodepobreza/